

INSTRUCCIÓNS E CRITERIOS DE CORRECCIÓN PARA REALIZAR O SEGUNDO EXERCICIO DAS PROBAS SELECTIVAS PARA O ACCESO Á ESCALA AUXILIAR DE ARQUIVOS, BIBLIOTECAS E MUSEOS, SUBGRUPO C1, DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, CONVOCADAS MEDIANTE RESOLUCIÓN REITORAL DO 24 DE NOVEMBRO DE 2021

O Tribunal, na súa sesión do 5 de xullo de 2022, acordou publicar as seguintes **Instrucións** e **Criterios de corrección** para o segundo exercicio das probas selectivas:

LEA ATENTAMENTE ESTAS INSTRUCCIÓNS

SERÁN CAUSAS DE EXCLUSIÓN DO PROCESO SELECTIVO:

- Abrir o sobre que contén o cuestionario ou comezar a realización do exercicio antes de que o Tribunal o autorice.
- Continuar escribindo cando o Tribunal indique que o tempo de exame rematou.
- Falar, copiar, intercambiar exames ou información co exterior ou con calquera persoa participante neste proceso.
- A utilización de teléfonos móbiles, axendas, reloxos intelixentes ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico. Non se dispón de ningún tipo de servizo ou depósito para recollida e custodia deste tipo de dispositivos non autorizados.

INSTRUCCIÓNS XERAIS

Para garantir o seu anonimato non se permite ningunha marca, sinal ou sinatura na folia de respostas do exame que poida inducir á súa identificación. De facelo, invalidarase o exame outorgándolle unha puntuación de 0.

A duración do exame é de 120 minutos, agás para as persoas con adaptacións específicas que teñan concedido ampliación de tempo, que será o indicado para cada unha delas.

A hora de inicio e remate do exame indicárase polo Tribunal.

Non se permitirá a saída da aula ata que remate o tempo establecido para a súa realización (120 minutos).

Vostede, como participante neste proceso, ten a obriga de entregar a folia de respostas do exame.

Cando se autorice a saída da aula, poderá levar o caderno de preguntas máis a folia autocopiativa do formulario de respostas (con valor meramente informativo). O Tribunal entregará, cando remate o exercicio, un documento coas respostas correctas que tamén

fará publico na páxina web:

http://www.usc.es/gl/servizos/plan_pas/convocatorias.html, lugar onde tamén se publicarán as cualificacións do exercicio.

No caso de ter algunha dúbida pregunte unicamente aos membros do Tribunal.

Se vostede o precisa, pode solicitar ao Tribunal un certificado de asistencia ao exercicio.

INSTRUCCIÓNS PARA ENCHER A FOLLA DE RESPÓSTAS DO EXAME

No momento do chamamento faráselle entrega dun xogo de etiquetas identificativas con código de barras que deberá pegar na folla de respostas sobre a imaxe co código de barras (a cubrir polo examinando) segundo as instrucións que lle dará o tribunal.

Rógase que manipule con coidado a etiqueta. Están impresas en impresora láser e as mans suadas poden provocar que o código perda nitidez e problemas na lectura.

A etiqueta de código de barras identifica perfectamente o seu exame. Non debe colocar sinaturas, nomes, marcas ou calquera outro sinal ou indicación que permita a identificación da opositora ou opositor.

Para realizar o exame utilizará lapis do número 2 e goma de borrar, para o que debe ir provisto deles.

A folla de exame (formulario de respostas) é de uso xeral na Universidade. Neste exame só deberá marcar dende o número 1 ao 125, que se corresponden co número de preguntas do exercicio máis cinco de reserva. As respostas que deberá marcar son as correspondentes ás letras A, B, C ou D, que son as catro opcións que figuran para cada unha das preguntas.

Non marque máis dunha resposta por pregunta. De facelo considerarase incorrecta.

No caso de que queira corrixir unha resposta deberá borrar completamente as marcas erróneas (teña en conta que a folla de exame é autocopiativa). Sempre prevalecerán as marcas que estean feitas na folla de respostas que estea en poder do Tribunal

Non dobre nin manche a folla de respostas. A folla de respostas deberá entregarlle ao tribunal cando lle sexa requirida, sendo este documento o único acreditativo das respostas para os efectos de ser cualificado.

CRITERIOS DE CORRECCIÓN

O exame consta de 120 preguntas tipo test máis cinco de reserva; cada unha das preguntas conta con 4 respostas opcionais, das que só unha é correcta. As respostas incorrectas penalizaranse descontando unha correcta por cada catro incorrectas, o que quere dicir que se detraerá un 25% de resposta correcta por cada resposta incorrecta.

O exercicio cualificarase de 0 a 25 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo

de 12,5 puntos. Para acadar a puntuación mínima o tribunal acordou que cada aspirante debe obter un mínimo de 60 respostas correctas netas; o número de respostas netas é o resultado de detraer as respostas incorrectas ao total das respostas correctas, utilizando a regra do parágrafo anterior.

As preguntas de reserva, numeradas da 121 a 125, entrarán por orde a substituír ás preguntas que puidesen ser anuladas no caso de estimarse reclamación sobre delas.

MEDIDAS PREVENTIVAS CONTRA A COVID

O Tribunal recomenda o uso da máscara no espazo de realización das probas e durante a realización das mesmas en aras a promover a protección colectiva, especialmente daquelas persoas que pertencen aos colectivos definidos como de risco polo Ministerio de Sanidade. Esta recomendación faise consonte co disposto no punto 7 da [Guía de actuación fronte á COVID-19 da USC](#) con vixencia dende o 21 de abril de 2022, que fai referencia, entre outras, a aquelas actividades que se realizan en espazos pechados nos que as persoas transitan ou permanecen durante un tempo prolongado.

A presidenta do Tribunal

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIE-PIERRE BOUYSSOU POINCHEVAL, NIF ***8405**, 07/07/2022 11:04:05.

CSV: 4E71-2E6E-456D-95F8